

Código do documento	Código do expediente
UDP16I0053	UDP/2022/18
Código de Verificación Electrónica (COVE)	
	
6P53 3Q2T 6U35 546T 0XWY	

VSO

RESOLUCIÓN

ANTECEDENTES

- 1.- O Concello de Culleredo aprobou en sesión plenaria de data 29.09.09 a Ordenanza Xeral de Subvencións do Concello de Culleredo (BOP núm. 219, do 9 de outubro de 2009).
- 2.- O Orzamento do Concello de Culleredo para o exercicio 2022 consigna os créditos precisos para fomentar e promocionar, a través de subvencións, a realización de actividades levadas a cabo por asociacións e entidades sen ánimo de lucro do termo municipal, incluídas nas seguintes liñas de actuación:

CONSIDERACIÓNS

- 1.- O procedemento a seguir para a concesión das subvencións en réxime de concorrencia non competitiva sera o recoxido no artigo 19 da Lei 9/2007, xeral de subvencións de Galicia
- 2.- Existe crédito adecuado e suficiente nas aplicacións orzamentarias do Orzamento Xeral do Concello de Culleredo para a aprobación do correspondente gasto.
- 3.- Desde a publicación do Decreto 463/2020 de 14 de marzo, polo que se declara o estado de alarma para a xestión da crise sanitaria que ocasiona a COVID-19, o movemento de persoas e a actividade económica sufriron severas restricións.

C.I.F. P-1503100-H

As circunstancias excepcionais derivadas da situación pandémica por mor da COVID-19, provocaron que o tecido asociativo do municipio de Culleredo tivera que realizar adaptacións diversas nas súas intervencións coa comunidade destinataria das súas actuacións.

Durante este período, as asociacións, entidades e clubs realizaron voluntariamente actividades de apoio á poboación cos seus propios medios e recursos, e tiveron que incrementar a dotación económica, de persoal e material para a adopción das medidas de prevención ligadas ás súas actividades e a persoas destinatarias das mesmas, axustar a realización das actividades programadas ou mesmo suspendelas ou realizar intervencións de apoio en aplicación das medidas que as autoridades sanitarias impoñían en cada momento.

Mediante esta convocatoria, o Concello e Culleredo dentro do ámbito das súas competencias, establece unha liña urxente e extraordinaria de axudas e subvencións dirixidas a asociacións e entidades sen fin de lucro inscritas no Rexistro municipal de asociacións do Concello de Culleredo, coa finalidade de cofinanciar os gastos relacionados coas actividades realizadas, as accións solidarias e de apoio desenvolvidas no período de confinamento e durante o estado de alarma decretado e os gastos correntes que tiveron que soportar durante este período, co obxectivo de reactivar o tecido asociativo do termo municipal

Ao abeiro do artigo 19 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, estas bases tramítanse na modalidade de concorrencia non competitiva, de modo que as solicitudes de subvención que se presenten serán atendidas tendo en conta a súa orde de entrada na sede electrónica municipal e sen comparación con outras solicitudes, ata que se esgote o crédito dispoñible.

Código do documento	Código do expediente
UDP16I0053	UDP/2022/18
Código de Verificación Electrónica (COVE)	
 6P53 3Q2T 6U35 546T 0XWY	

Este procedemento de concesión vén determinado polo cumprimento das entidades solicitantes dos requisitos que se establecen nestas bases.

Visto o informe da interventora xeral de data 2 de decembro de 2022 con código de documento UIT16I017H.

RESOLVO:

PRIMEIRO- Aprobar as "Bases reguladoras da convocatoria pública de subvencións municipais, destinadas a asociacións e entidades sen ánimo de lucro do termo municipal de Culleredo para a reactivación do tecido asociativo e para atender as necesidades extraordinarias xurdidas como consecuencia da crise sanitaria provocada pola Covid-19", que figuran como anexo a esta resolución.

SEGUNDO.- Convocar, en réxime de concorrencia non competitiva, a concesión de subvencións dirixidas a asociacións e entidades sen ánimo de lucro, nos termos que recollen as bases aprobadas.

TERCEIRO.- Ordenar a publicación da convocatoria na Base de Datos Nacional de Subvencións, no Taboleiro de Edictos, na páxina web do Concello e un extracto da mesma no Boletín Oficial da Provincia.

CUARTO .- Aprobar o correspondente gasto por importe global de 223.100,00 €, distribuído este crédito por aplicacións orzamentarias segundo o seguinte detalle:

Liñas de actuación	Aplicación orzamentaria	Importe
LIÑA 1. Promoción de servizos, programas, proxectos e actividades no ámbito dos servizos sociais	2312-48900	60.000 €
LIÑA 2. Promoción de servizos, programas e actividades en materia de igualdade, corresponsabilidade, loita contra a violencia de xénero e dinamización e empoderamento no ámbito da muller.	2312-48900	12.000€
LIÑA 3. Promoción de servizos, programas, proxectos e actividades de ámbito sociosanitario.	2312-48900	6.000 €
LIÑA 4. Promoción do deporte.	341-48900	24.000 €
LIÑA 5. Promoción da participación cidadá e fomento da comunicación social.	9241-48900	15.000 €
LIÑA 6. Promoción da educación.	320-48900	55.000 €
LIÑA 7. Promoción da dinamización económica.	433.48900	1.500 €
LIÑA 8. Promoción da cultura.	3341-48900	49.600 €

C.I.F. P-1503100-H

Código do documento	Código do expediente
UDP16I0053	UDP/2022/18
Código de Verificación Electrónica (COVE)	
 6P53 3Q2T 6U35 546T 0XWY	

ANEXO

BASES REGULADORAS DA CONVOCATORIA PÚBLICA DE SUBVENCIONS MUNICIPAIS DESTINADAS A ASOCIACIONES E ENTIDADES SEN ANIMO DE LUCRO DO TERMO MUNICIPAL DE CULLEREDO PARA A REACTIVACION DO TECIDO ASOCIATIVO E PARA ATENDER AS NECESIDADES XURDIDAS COMO CONSECUENCIA DA CRISE SANITARIA PROVOCADA POLA COVID-19

Base 1.- OBXECTO E PERÍODO SUBVENCIONABLE

O obxecto destas bases é regular o proceso de outorgamento de axudas específicas a asociacións e entidades sen fin de lucro inscritas no Rexistro municipal de asociacións do Concello de Culleredo destinadas a cofinanciar a realización de actividades que lles son propias, a investimentos extraordinarios derivados da situación motivada pola pandemia da COVID-19 (máscaras, sinalización con recomendacións...) e a gastos correntes (alugamento, comunidade, teléfono etc), coa finalidade de contribuir a incentivar o tecido asociativo municipal.

O período subvencionable das liñas de actuación iría desde o 1 de xullo de 2019 ata a publicación desta convocatoria no BOP.

Base 2.- BENEFICIARIAS

Poderán ser beneficiarias destas subvencións as asociacións e entidades sen ánimo de lucro inscritas no Rexistro municipal de asociacións do Concello de Culleredo con data anterior á publicación da convocatoria destas subvencións que puxeran en marcha e realizaran actividades que se recollen nestas bases nas que exista un beneficio fundamentalmente para a poboación culleredense e que non recibiran subvención municipal no período destas bases.

Base 3.- LIÑAS DE ACTUACIÓN

3.1 Poderán ser obxecto de subvención os gastos ocasionados con relación ao recollido nas seguintes táboas:

Área de Política Social, Mocidade e Promoción do Deporte

LIÑA DE ACTUACIÓN 1	PROMOCIÓN DE SERVICIOS, PROGRAMAS, PROXECTOS E ACTIVIDADES NO ÁMBITO DOS SERVIZOS SOCIAIS
Obxecto	<p>Dar cumprimento á competencia municipal que, de xeito particular, a Lei 13/2008, do 3 de decembro, de servizos sociais de Galicia, atribúe aos concellos no seu artigo 60º, "c) A colaboración no fomento dos servizos sociais prestados por entidades de iniciativa social, así como a promoción de mecanismos de coordinación das actuacións realizadas por elas, evitando no posible a duplicidade e infrutilización dos equipamentos sociais".</p> <p>Obxectivo xeral:</p> <p>Apoiar a iniciativa social na promoción de actuacións singularizadas que constitúan a totalidade ou parte dun proxecto de carácter básico, innovador e/ou complementario dos servizos sociais comunitarios básicos, específicos, ou dos servizos sociais especializados.</p>
Condições	1º Entidades sen fin de lucro, inscritas no Rexistro municipal de asociacións.

Código do documento	Código do expediente
UDP16I0053	UDP/2022/18
Código de Verificación Electrónica (COVE)	
 6P53 3Q2T 6U35 546T 0XWY	

	2º Que o servizo, programa, proxecto ou actividade proposto sexa complementario aos servizos sociais comunitarios básicos e específicos públicos de titularidade do Concello de Culleredo.
Finalidade	Enriquecer o sistema público local de servizos sociais e dar cumprimento ao artigo 60.c da Lei 13/2008, de 3 de decembro de servizos sociais de Galicia, en materia de competencias dos concellos.
Importe máximo de subvención por axuda concedida a cada beneficiario	60.000 €

C.I.F. P-1503100-H

LIÑA DE ACTUACIÓN 2	PROMOCIÓN DE SERVICIOS, PROGRAMAS, PROXECTOS E ACTIVIDADES EN MATERIA DE IGUALDADE, CORRESPONSABILIDADE, LOITA CONTRA A VIOLENCIA DE XÉNERO E DINAMIZACIÓN E EMPODERAMENTO NO ÁMBITO DA MULLER.
Obxecto	Dar cumprimento ao estipulado na Lei 13/2008, de servizos sociais de Galicia, que no seu artigo 3º sinala como un dos obxectivos do sistema galego de servizos sociais o de "e) Proporcionar oportunidades e recursos que garantan a igualdade entre mulleres e homes e posibiliten a conciliación entre a vida persoal, familiar e laboral; ademais de apoiar a acción comunitaria do servizo Centro de información ás mulleres de Culleredo (CIM)." Obxectivo xeral: Apoiar á iniciativa social na promoción de actuacións singularizadas no eido do fomento e sensibilización en materia de igualdade, na prestación de servizos de corresponsabilidade, na atención a mulleres en situación de vulnerabilidade e na loita contra as violencias machistas.
Condicións	1º Entidades sen fin de lucro, inscritas no Rexistro municipal de asociacións. 2º Que o servizo, programa, proxecto ou actividade proposto sexa complementario ás accións promovidas desde o Centro de Información ás Mulleres (CIM), dentro da liña estratéxica municipal de "igualdade de xénero, empoderamento e inserción laboral da muller".
Finalidade	Contribuír ao fomento da igualdade de oportunidades entre homes e mulleres e apoiar a loita contra a violencia de xénero no Concello de Culleredo.
Importe máximo de subvención por axuda concedida a cada beneficiario	12.000,00 €

LIÑA DE ACTUACIÓN 3	PROMOCIÓN DE SERVICIOS, PROGRAMAS, PROXECTOS E ACTIVIDADES DE ÁMBITO SOCIOSANITARIO.
Obxecto	Dar cumprimento ao estipulado na Lei 8/2008, de 10 de xullo, de saúde de Galicia, que no seu Título III. "Das competencias do sistema público de saúde de Galicia", Capítulo II "A administración local", artigo 80 establece que "3. Os municipios, sen prexuízo das

Código do documento	Código do expediente
UDP16I0053	UDP/2022/18
Código de Verificación Electrónica (COVE)	
 6P53 3Q2T 6U35 546T 0XWY	

C.I.F. P-1503100-H

	<p>competencias das demais administracións públicas, terán con relación ao obrigado cumprimento das normas e plans sanitarios as seguintes obrigas derivadas das súas competencias: g) O desenvolvemento de programas de promoción da saúde, educación sanitaria e protección de grupos sociais con riscos específicos que se prevea nos plans de saúde.”</p> <p>Obxectivo xeral:</p> <p>Apoiar a iniciativa social na promoción de actuacións singularizadas no eido da educación, formación e fomento da solidariedade en saúde pública, así como na prestación de servizos sociosanitarios complementarios dirixidos ás persoas e familias con enfermidades graves e/ou crónicas.</p>
Condicións	<p>1º Entidades sen fin de lucro, inscritas no Rexistro municipal de asociacións.</p> <p>2º Que o servizo, programa, proxecto ou actividade proposto sexa complementario á liña estratéxica municipal de “Promoción de estilos de vida saudables”.</p>
Finalidade	Mellorar a saúde da cidadanía culleredense.
Importe máximo de subvención por axuda concedida a cada beneficiario	6.000 €

LIÑA DE ACTUACIÓN 4	PROMOCIÓN DO DEPORTE
Obxecto	Financiamento de programas de deportes para todos, formación e investigación, competicións e deporte espectáculo. Proxectos dirixidos a consolidar a progresión do rendemento de persoas físicas cunha proxección futura no deporte de alto rendemento.
Condicións	<p>1ª Entidades deportivas sen fin de lucro, inscritas como tal no Rexistro de Asociacións Municipais.</p> <p>2ª Que desenvolvan a súa actividade no termo municipal de Culleredo.</p> <p>3ª No seu caso, inscritas no rexistro federativo ou asociativo correspondente.</p>
Finalidade	Dinamización e promoción do deporte e da actividade física recreativa en xeral.
Importe máximo de subvención por axuda concedida a cada beneficiario	6.000,00 €

Área de Participación Cidadá, Educación e Medio Rural

LIÑA DE ACTUACIÓN 5	PROMOCIÓN DA PARTICIPACIÓN CIDADÁ E FOMENTO DA COMUNICACIÓN SOCIAL
---------------------	--

Código do documento	Código do expediente
UDP16I0053	UDP/2022/18
Código de Verificación Electrónica (COVE)	
 6P53 3Q2T 6U35 546T 0XWY	

C.I.F. P-1503100-H

Obxecto	1º Financiamento de acción, programas ou proxectos dirixidos á promoción da participación cidadá e comunicación social. 2º Financiamento de todos os gastos derivados pola Covid-19 que se especifican nas bases.	
Condições	1ª Entidades veciñais sen fin de lucro inscritas como tal no Rexistro de asociacións municipais. 2ª Que desenvolvan a súa actividade no termo municipal de Culleredo.	
Finalidade	Dinamización e promoción da participación cidadá e comunicación social.	
Importe máximo de subvención por axuda concedida a cada beneficiario	1.500,00 €	

LIÑA DE ACTUACIÓN 6	PROMOCIÓN DA EDUCACIÓN	
Obxecto	1º Cofinanciar gastos derivados da posta en marcha das actividades promovidas polas asociacións de nais e pais que lles son propias, relacionadas con temas transversais (saúde, paz, medio ambiente, arte, igualdade...) realizadas con carácter permanente ou periódico e cun claro obxectivo educativo. 2º Cofinanciar actividades desenvolvidas de maneira puntual para celebrar datas ou acontecementos que promovan a participación da comunidade educativa. 3º Cofinanciar os gastos extraordinarios de adquisición de equipos, materiais ou servizos destinados a limpeza, desinfección e protección individual ou colectiva con motivo da implementación das medidas sanitarias derivadas da pandemia.	
Condições	1ª Entidades sen fin de lucro inscritas no Rexistro de asociacións municipais. 2ª Desenvolver as súas actuacións coa comunidade educativa do Concello de Culleredo.	
Finalidade	Colaborar coa comunidade educativa na mellora da calidade da educación.	
Importe máximo de subvención por axuda concedida a cada beneficiario	4.500,00 €	

Área de Desenvolvemento Local, Cultura, Festas e Turismo

LIÑA DE ACTUACIÓN 7	PROMOCIÓN DA DINAMIZACIÓN ECONÓMICA	
Obxecto	Financiar servizos, programas e proxectos de desenvolvemento comercial ou empresarial.	
Condições	Entidades sen fin de lucro inscritas no Rexistro de asociacións municipais, de carácter comercial ou empresarial que operen no ámbito territorial do Concello de Culleredo.	

Código do documento	Código do expediente
UDP16I0053	UDP/2022/18
Código de Verificación Electrónica (COVE)	
 6P53 3Q2T 6U35 546T 0XWY	

Finalidade	Fomentar actividades que impulsen a dinamización do sector comercial e empresarial de Culleredo, e que veñan a mitigar o impacto económico provocado pola pandemia sanitaria, con prioridade para as actividades dirixidas a establecementos que tiveron que permanecer pechados por mor das restricións sanitarias.	
Importe máximo de subvención por axuda concedida a cada beneficiario	1.500,00 €	

C.I.F. P-1503100-H

LIÑA DE ACTUACIÓN 8	PROMOCIÓN DA CULTURA	
Obxecto	<p>1º Financiamento para o mantemento de grupos de baile e música tradicional, así como para a celebración de festivais de carácter folclórico e actividades de formación.</p> <p>2º Financiamento para grupos e entidades teatrais e musicais, celebración de festivais, encontros e actividades de formación.</p> <p>3º Financiamento para a realización de actividades relacionadas con celebracións e conmemoracións de carácter tradicional (Magosto, Samaín, Entroido, Nadal, romarías...), recuperación e difusión do patrimonio cultural e impulso da lingua e cultura galega.</p> <p>4º Financiamento para actividades de animación sociocultural relacionadas coa ocupación do tempo libre e outros proxectos ou actividades "de especial interese cultural e social" nos que estea xustificado o seu financiamento municipal.</p> <p>5º Financiamento de todos os gastos derivados pola Covid-19 que se especifican nas bases.</p>	
Condicións	<p>1ª Entidades sen fin de lucro inscritas no Rexistro de asociacións municipais.</p> <p>2ª Que desenvolvan a súa actividade no termo municipal de Culleredo.</p>	
Finalidade	Dinamización e promoción da cultura e lingua galega.	
Importe máximo de subvención por axuda concedida a cada beneficiario	4.500,00 €	

3.2 Para o caso de servizos, programas, proxectos e actividades susceptibles de encadrarse en máis dunha das áreas municipais, a entidade solicitante só poderá optar a unha única subvención, con especificación da liña de actuación á que opta.

Base 4.- ORZAMENTO

A axuda concedida poderá acadar o 100 % do gasto (investimento) realizado ata o máximo que se establece por entidade ou asociación.

O importe global das subvencións é de 223.100€, gasto imputable ás seguintes aplicacións orzamentarias:

Código do documento	Código do expediente
UDP16I0053	UDP/2022/18
Código de Verificación Electrónica (COVE)	
	
6P53 3Q2T 6U35 546T 0XWY	

LIÑA 1. Promoción de servizos, programas, proxectos e actividades no ámbito dos servizos sociais 2312-48900 Dotación 60000 €. Importe máximo por asociación: 6000€.

LIÑA 2. Promoción de servizos, programas e actividades en materia de igualdade, corresponsabilidade, loita contra a violencia de xénero e dinamización e empoderamento no ámbito da muller 2312-48900 Dotación 12.000 €. Importe máximo por asociación: 3000€

LIÑA 3. Promoción de servizos, programas, proxectos e actividades de ámbito sociosanitario 2312-48900 Dotación 6000 €. Importe máximo por asociación: 3000€

LIÑA 4. Promoción do deporte 341-48900 Dotación 24.000 €. Importe máximo por asociación: 6000€

LIÑA 5. Promoción da participación cidadá e fomento da comunicación social 9241-48900 Dotación 15.000.00 €. Importe máximo por asociación: 1.5000 €.

LIÑA 6. Promoción da educación 320-48900. Dotación 55000 €. Importe máximo por asociación: 4500€.

LIÑA 7. Promoción da dinamización económica 433-48900 Dotación 1500 €. Importe máximo por asociación: 1500€.

LIÑA 8. Promoción da cultura 3341-48900 Dotación 49600€. Importe máximo por asociación: 4500€.

Ao tratarse de concesión de axudas polo procedemento de concorrencia non competitiva, e de acordo co que recolle o artigo 21.2 do Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro, polo que se aproba o Regulamento da Lei de subvencións de Galicia, a axuda outorgarase sen establecer unha fracción ou porcentaxe do custo total xustificado, polo que a achega poderá ser do 100 % co límite que se establece neste punto para cada tipo de asociación ou entidade.

No caso de que o orzamento dispoñible se esgotase, comunicarase a través da web municipal (www.culleredo.es). No caso de esgotarse o crédito, poderá ser incrementado.

Base 5.- GASTOS SUBVENCIONABLES

5.1 Gastos xerais

Considéranse gastos subvencionables os que de xeito indubitado respondan á natureza da actividade subvencionada, teñan relación directa co obxecto que se subvenciona e se realicen no prazo que se establece.

En ningún caso o custo de adquisición dos gastos subvencionables poderá ser superior ao valor de mercado.

Teñen expresamente a condición de gastos subvencionables xerais os seguintes:

a) Os gastos de amortización dos bens inmobles, equipos informáticos e doutros bens mobles inventariables, propiedade da beneficiaria, que se empreguen no desenvolvemento da actividade subvencionada.

b) Os gastos financeiros, de asesoría xurídica ou financeira, gastos notariais e rexistras e os gastos periciais para a realización do proxecto subvencionado e os de administración específicos que estean relacionados coa actividade subvencionada e sexan indispensables para a adecuada preparación ou execución da mesma, así como os gastos que se orixinen para dar cumprimento ás garantías esixibles de acordo con estas bases.

Código do documento	Código do expediente
UDP16I0053	UDP/2022/18
Código de Verificación Electrónica (COVE)	
	
6P53 3Q2T 6U35 546T 0XWY	

c) O IVE e os impostos indirectos, cando non sexan susceptibles de recuperación ou compensación.

5.2 Gastos COVID

a) Produtos para a prevención da pandemia da COVID-19:

- Xeles hidroalcohólicos
- Mamparas protectoras e metacrilatos non susceptibles de inventariar.
- Termómetros
- Alfombras hixienizantes.

b) Gastos en asesoría e consultaría motivados pola COVID- 19.

c) Gastos derivados do cumprimento da normativa en materia de seguridade e saúde vinculadas a protección das persoas traballadoras motivados pola COVID-19 como todas a impresión de sinalética, publicidade e normas.

d) Gastos necesarios para o arranque e posta en marcha de equipos e instalacións parados polo cese de actividade durante o estado de alarma.

e) Gastos derivados de limpeza extraordinarias e desinfeccións pola COVID -19 dos locais nos que se realizan as actividades das entidades.

f) Gastos de alugamentos alternativos para a continuación das actividades desenvolvidas nos supostos nos que a súa sede ou local tivera que pechar por consecuencia da COVID-19.

g) Gastos extraordinarios de persoal nos que tiveran que incorrer para atender as necesidades extraordinarias xurdidas pola COVID- 19.

h) Gastos de instalación e mantemento de software e aplicacións informáticas necesarias para a implantación de actividades en liña e a atención ás persoas usuarias das entidades, así como o gasto de internet e/ou instalación de banda ancha fixa, xa sexa por ADSL, fibra óptica ou similar.

Base 6.- PRAZO PRESENTACIÓN SOLICITUDES

As asociacións e entidades que queiran optar a estas axudas deberán enviar unha solicitude segundo o modelo establecido nestas bases (anexo I.0), xunto con toda a documentación esixida de acordo co que se recolle no punto 7 das mesmas.

O prazo para presentar as solicitudes será de quince días que comezará a contar a partir do día seguinte á publicación no Boletín Oficial da Provincia do extracto da convocatoria.

A presentación realizarase obrigatoriamente por medios electrónicos.

Será preciso dispoñer de certificado dixital.

Código do documento	Código do expediente
UDP16I0053	UDP/2022/18
Código de Verificación Electrónica (COVE)	
	
6P53 3Q2T 6U35 546T 0XWY	

Deberán dispoñer de certificado dixital:

- A propia entidade (certificado de persoa xurídica).
- Quen ocupe a presidencia da entidade.
- Quen ocupe a secretaría da entidade.
- Quen represente a entidade perante o Concello de Culleredo (no caso de ser distinta das dúas anteriores).

Base 7.- DOCUMENTACIÓN NECESARIA A PRESENTAR COA SOLICITUDE

- a. Solicitud normalizada (anexo I.0).
- b. Memoria de actuación, explicativa da actividade ou actividades, investimentos ou gastos correntes realizados, asinada pola persoa representante da entidade solicitante (anexo I.1).
- c. Relación de gastos realizados (anexo I.2), xunto coas facturas orixinais conformadas polo/a presidente/a da entidade beneficiaria
- d. Declaración responsable de non ter concedidas axudas, para o mesmo obxecto, polas distintas administracións ou outros entes públicos (anexo I.3).
- e. Certificación emitida polo/a secretario/a da entidade solicitante do acordo de aprobación da participación nesta convocatoria e do nomeamento de persoa representante para as relacións da entidade co Concello (anexo I.4).
- f. Autorizacións para consulta de oficio ou, no seu defecto, documento acreditativo de estar ao corrente no cumprimento das obrigas tributarias e coa Seguridade Social, así como co Concello de Culleredo (anexo I.5).
- g. Proba de cumprimento de obrigas, compromiso de difusión do carácter público da subvención conforme se establece nesta convocatoria e compromiso de utilización da lingua galega e linguaxe non sexista, no seu caso.
- h. Designación de conta bancaria (segundo modelo facilitado pola entidade bancaria)

Base 8.- COMPROBACIÓN DE DATOS

Comprobaranse de oficio os datos incluídos nos seguintes documentos:

- a. Certificacións de estar ao corrente no cumprimento das obrigas tributarias coa Axencia Estatal de Administración Tributaria (AEAT) e a Tesouraría Xeral da Seguridade Social (TXSS) e a Facenda, ademais de non ter débedas co Concello de Culleredo.
- b. Inscrición no Rexistro municipal de asociacións.

No caso de non autorizar esta consulta, a entidade solicitante deberá achegar a documentación xustificativa nos termos que se prevén neste apartado.

Base 9.-PROCESO DE INSTRUCCIÓN E AVALIACIÓN

10 de 15

Código do documento	Código do expediente
UDP16I0053	UDP/2022/18
Código de Verificación Electrónica (COVE)	
	
6P53 3Q2T 6U35 546T 0XWY	

9.1.- Será o órgano de instrución de cada liña os/as xefes/as do servizo que corresponda a cada liña.

9.2.- Se as persoas designadas como instrutoras de cada liña de actuación observasen defectos na documentación presentada realizarán un requirimento para que no prazo improrrogable de 10 días hábiles os posibles beneficiarios emenden erros ou omisións, con indicación que, de non facelo nese prazo, daranse por desistidos da súa petición (o crédito asignado a estas solicitudes destinarase ás seguintes dentro do seu grupo de referencia).

9.3- No caso de efectuarse un requirimento, entenderase por rexistro de entrada da solicitude presentada a data en que o requirimento estivese correctamente atendido.

9.4.-Mesa de Avaliación

9.4.1. As solicitudes de subvención presentadas serán examinadas por unha Mesa de Avaliación nomeada pola concelleira de Participación Cidadá. Estará composta polos seguintes membros:

Presidente/a: Un/ha funcionario/a de carreira municipal pertencente ao subgrupo A1/A2

Vogais: Dous/Dúas técnicos/as municipais pertencentes ao subgrupo A1/A2..

Secretaria/o: Un/ha funcionario/a de carreira pertencente ao subgrupo A1, A2, C1 ou C2

No caso de ausencia dalgunha das persoas que integran a Mesa de Avaliación, poderá ser substituída pola persoa funcionaria que a concelleira titular da Área de Participación Cidadá designe.

9.4.2. A Mesa de Avaliación, a través dos órganos instrutores, poderá requirir ás persoas solicitantes de subvención, a información ou documentación adicional aclaratoria que, non estando en poder da administración municipal, teña fundamental relevancia e relación directa para unha mellor valoración das solicitudes.

Base 10.- PROCEDEMENTO DE CONCESIÓN. PROPOSTA DE RESOLUCIÓN PROVISIONAL, TRÁMITE DE ALEGACIÓNS E REFORMULACIÓN, PROPOSTA DE RESOLUCIÓN DEFINITIVA, ACEPTACIÓN E RESOLUCIÓN DEFINITIVA DAS SUBVENCÍONS

10.1. A Mesa de Avaliación presentará proposta de resolución provisional, debidamente motivada, que deberá notificarse ás asociacións interesadas mediante anuncio público na data seguinte á da súa aprobación polo órgano competente, nos seguintes taboleiros e lugares de difusión:

10.1.1 Taboleiro de anuncios e edictos da sede electrónica do Concello de Culleredo

<https://sedeelectronica.culleredo.es/opensiac/action/infopublica?method=enter&edictos=true>

10.2 Examinadas as alegacións aducidas, o órgano instrutor formulará a proposta de resolución definitiva, que deberá expresar a solicitante ou relación de solicitantes para os que se propón a concesión da subvención, e a súa contía.

O expediente de concesión de subvencións conterà o informe do órgano instrutor no que conste que da información que obra no seu poder se desprende que as persoas beneficiarias cumpren todos os requisitos necesarios para acceder ás mesmas.

Código do documento	Código do expediente
UDP16I0053	UDP/2022/18
Código de Verificación Electrónica (COVE)	
	
6P53 3Q2T 6U35 546T 0XWY	

10.3 A proposta de resolución definitiva publicárase/notifícase ás asociacións interesadas que foran propostas como beneficiarias na fase de instrución, para que no prazo de dez días comuniquen a súa aceptación ou renuncia ao órgano instrutor. Transcorrido este prazo sen producirse a aceptación expresa, a subvención entenderase tacitamente aceptada. As propostas de resolución provisional e definitiva non crean dereito algún a prol da asociación beneficiaria proposta fronte á Administración mentres non se lle notificara a resolución da concesión.

10.4 O prazo para resolver será de 3 meses contado a partir da finalización do prazo de presentación de solicitudes.

Será causa de denegación de concesión de axudas o esgotamento do crédito consignado na partida orzamentaria indicada no punto 4 ou o non axustarse a solicitude ao obxecto desta convocatoria.

C.I.F. P-1503100-H

Base 11.- NOTIFICACIÓN

As notificacións das resolucións ou calquera acto administrativo relacionado coa tramitación deste procedemento realizarase unicamente por medios electrónicos.

Mediante correo electrónico dirixido á conta de correo que indiquen na solicitude, remitírase ás entidades interesadas avisos de posta a disposición das notificacións.

Estas entenderanse notificadas no momento no que se acceda ao seu contido. Unha vez que transcorran 10 días desde a posta a disposición sen que se produza acceso á mesma, entenderase como rexeitada.

Base 12.- SILENCIO ADMINISTRATIVO

Segundo o que establece o artigo 23.5 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, o vencemento do prazo máximo sen que sexa notificada a resolución, léxítima ás persoas interesadas para entender que está desestimada por silencio administrativo a solicitude de concesión.

Base 13.- OBRIGAS DAS ENTIDADES BENEFICIARIAS

Cumprir os obxectivos descritos na liña que solicitou.

Executar o proxecto ou actividades ou adoptar o comportamento que fundamenta a concesión das subvencións.

Xustificar adecuadamente o cumprimento da finalidade da subvención, a realización da actividade ou a adopción do comportamento que fundamentou a súa concesión así como o custo real.

Destinar os fondos percibidos ao obxecto concreto para o que foron concedidos e realizar ou ter realizado efectivamente as actividades ou actuacións recollidas no proxecto presentado.

Proceder ao reintegro das cantidades percibidas no caso de incumprimento das condicións establecidas.

Comunicar ao órgano concedente a obtención doutras axudas, subvencións, ingresos ou recursos para o financiamento das actividades subvencionadas.

Consentir a inclusión dos datos relevantes da subvención nos rexistros públicos que procedan.

Código do documento	Código do expediente
UDP16I0053	UDP/2022/18
Código de Verificación Electrónica (COVE)	
	
6P53 3Q2T 6U35 546T 0XWY	

Someterse ás actuacións de comprobación que deba efectuar o órgano concedente: as de control financeiro, as previstas na lexislación que sexa de aplicación e achegar toda a información que lles sexa requirida para o exercicio das actuacións recollidas nestas bases.

Base 14.- PAGAMENTO

Unha vez realizada a notificación da subvención, poderase realizar o pagamento do 100 % da contía da subvención concedida.

O aboamento da subvención realizarase directamente na conta bancaria que se indicara.

Base 15.- CONCORRENCIA CON OUTRAS AXUDAS E /OU SUBVENCIÓNS

Estas subvencións son compatibles coa percepción doutras para a mesma finalidade.

Non obstante, o importe das subvencións en ningún caso poderá ser de tal contía que illadamente ou en concorrencia con outras subvencións ou axudas, ingresos ou recursos, supere o custo da actuación subvencionada.

Base 16.- INCUMPRIMENTO DE OBRIGAS

No caso de incumprimento de obrigas establecidas no artigo 11 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia e nos supostos recollidos no artigo 33 da mesma lei, a entidade beneficiaria comprométese a reintegrar as cantidades percibidas xunto cos xuros de demora seguindo o procedemento que establece o artigo 38 da mesma lei.

Base 17.-PUBLICIDADE DAS SUBVENCIÓNS CONCEDIDAS

O Concello de Culleredo publicará na súa páxina web a relación dos beneficiarios e o importe das axudas concedidas e, de ser o caso, as sancións que puideran impoñerse, polo que a presentación da solicitude leva implícito a autorización para o tratamento necesario dos datos das entidades beneficiarias.

Base 18.- TRAMITACIÓN DESTE PROCEDEMENTO

Todos os trámites administrativos que as entidades solicitantes deban realizar para a tramitación deste procedemento serán realizados electronicamente a través da sede electrónica desta administración local.

Base 19.- COMPETENCIA PARA RESOLVER

De acordo co previsto na resolución de Alcaldía núm. 1871/2020 de data.16.12.2020, a competencia para resolver os procedementos de subvención que se inicien en virtude desta convocatoria recae en Dona Jéssica Méndez Sánchez, concelleira de Participación Cidadá, Educación e Medio Rural.

Base 20.- RECURSOS PROCEDEMENTOS CONTRA A RESOLUCIÓN DO PROCEDEMENTO

20.1 A resolución do procedemento porá fin á vía administrativa.

20.2 Contra esa resolución caberá a interposición de recurso contencioso-administrativo no prazo de dous meses. Con todo, as asociacións interesadas poderán, con carácter potestativo, presentar recurso de reposición ante o

Código do documento	Código do expediente
UDP16I0053	UDP/2022/18
Código de Verificación Electrónica (COVE)	
	
6P53 3Q2T 6U35 546T 0XWY	

propio órgano que ditou a resolución no prazo dun mes. Nese caso o prazo para a presentación do recurso contencioso administrativo comezará a contar desde a notificación da resolución expresa do recurso. No caso de desestimación presunta, que se producirá se no prazo dun mes non se resolveu o recurso de reposición interposto (art. 123 e 124 da Lei 39/2015, de 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas), a interposición do recurso contencioso-administrativo non se suxeita a prazo de caducidade (Sentenza do Pleno do TC STC 52/2014, do 10 de abril).

Base 21.- DISPOSICIÓN ÚLTIMA

Para o non previsto nestas bases, estarase ao disposto na normativa xeral en materia de subvencións contida na Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións e na Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, ademais do decreto 11/2009, do 8 de xaneiro, polo que se aproba o regulamento da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia e pola Ordenanza de subvencións do Concello de Culleredo.

O Concello de Culleredo ten a condición de responsable dos datos que as persoas solicitantes faciliten neste procedemento e asume todas as obrigas derivadas do Regulamento (UE) 2016/679 do Parlamento Europeo e do Consello sobre protección de datos de carácter persoal e das demais disposicións vixentes nesta materia.

A lexitimación do tratamento deses datos está baseada no consentimento expreso das persoas interesadas en participar no procedemento e no exercicio lexítimo das competencias legais do Concello de Culleredo no ámbito do fomento e promoción da igualdade, conforme coa normativa de réxime local e sectorial aplicable.

O prazo de conservación dos datos facilitados será o necesario para a completa execución do procedemento, incluído o prazo de prescrición para efectos de posibles responsabilidades derivadas da actividade ou do dito tratamento.

Os datos poderán ser cedidos tamén a outras administracións públicas cando sexa necesario para a correcta prestación do servizo ou ben en cumprimento dun mandato legal ou xudicial. Tamén poderán ser verificados e cotexados con calquera outros dos que as demais administracións dispoñan a fin de comprobar a súa exactitude e veracidade.

As persoas interesadas poderán exercer os dereitos de acceso, rectificación, supresión, oposición, limitación do tratamento e portabilidade, así como opoñerse á toma de decisións individuais automatizadas, incluída a elaboración de perfís, na forma prevista na normativa vixente, perante o órgano responsable do ficheiro (Concello de Culleredo). Así mesmo teñen dereito a presentar unha reclamación perante a Axencia Española de Protección de Datos (www.aepd.es).

Contra a presente resolución, que pon fin á vía administrativa poderá interpoñerse recurso potestativo de reposición ante a Alcaldía-Presidencia, no prazo dun mes a contar desde o día seguinte ao da notificación do presente acto, ao abeiro do establecido no artigo 124.1 da Lei 39/2015, de 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas; ou ben, directamente, recurso contencioso-administrativo ante o Xulgado do Contencioso-Administrativo da Coruña que corresponda, no prazo de dous meses, desde o día seguinte ao da recepción da presente notificación, de acordo co establecido nos artigos 8.1 e 46.1 da Lei 29/1998, de 13 de xullo.

Código do documento	Código do expediente
UDP16I0053	UDP/2022/18
Código de Verificación Electrónica (COVE)	
	
6P53 3Q2T 6U35 546T 0XWY	

Non poderá interpoñerse recurso contencioso-administrativo, se se interpuxera o potestativo de reposición, en tanto non se resolva expresamente ou se produza a desestimación presunta do mesmo polo transcurso do prazo dun mes desde a súa interposición, de acordo co establecido no artigo 124 da Lei 39/2015, de 1 de outubro.

Neste caso, o prazo para a interposición do recurso contencioso-administrativo será de dous meses desde a resolución expresa do recurso, a contar desde o día seguinte ao da notificación do mesmo; ou ben, seis meses, a contar desde o día seguinte en que deba entenderse desestimado por silencio administrativo o citado recurso potestativo de reposición.

En todo caso, poderá interpoñer calquera outro recurso que estime conveniente para a defensa dos seus intereses.

C.I.F. P-1503100-H

Culleredo, á data da sinatura dixital

Conforme coa proposta, elévase a resolución
A concelleira de participación cidadá , educación
e medio rural
(asinado dixitalmente)

Dou fe,
O secretario xeral accidental
(asinado dixitalmente)

*P.D. (Resolución do 16.12.2020,
BOP núm. 225 de 31.12.2020)*